

Metáfora dun país

A cultura como relixión



MARGA ROMERO

A loita permanente de Xoán Xesús González de M. Seixo Pastor atópase dentro da Colección “O Fardel da Memoria” de Edicións A Nosa Terra, imprescindible para a restauración da memoria histórica contemporánea de Galiza. A Marcos Seixo Pastor débémolle o seu labor investigador e divulgador sobre Blanco Torres ou o propio Xoán Xesús González; sobre este último é o responsábel da edición da obra narrativa *A modelo de Paco Asorei*, da pequena obra teatral *Felisa* (Edicións Fervenza, 2007) -que permanecía inédita até que chegou ás súas mans- e da biografía *Xoán Xesús González. Canteiro, xornalista, escritor e político*. Marcos Seixo pertence a esta nova xeración de investigadores que parten do seu compromiso co lugar no que se asentan e demostran que as persoas sobre as que investigan, neste caso Blanco Torres ou Xoán Xesús González, van tecendo o mapa da identidade de Galiza. Nesta obra entramos máis profundamente na biografía do mozo humilde da aldea de Sevil que se fai a si mesmo canteiro, mestre, xornalista, avogado e escritor. Metáfora dese país que tamén re-constrúe a súa identidade entre o agrarismo, as reivindicacións obreiras e a cultura. O libro demostra que o de Sevil foi capaz de resolver, con todas as contradicións, a escolla entre a dialéctica esquerda-dereita e nacionalismo-periferia, foi militante de esquerdas e nacionalista. Detense na súa participación no proceso do estatuto, na loita política e sindical, no agrarismo ou no movemento universitario e demostra o bo facer do Xoán Xesús González xornalista que sabe que a súa profesión debe ter “unha función social, didáctica e moralizante” e desenvolverse con “liberdade e independencia” e que “nunca se debe pregar a intereses que non sexan os do propio pobo”. Á cuestión da guerra de África, á crítica literaria e de arte e á temática musical nos seus artigos dedícalle o autor unha análise en maior profundidade. No apartado sobre o activismo cultural, a librería Niké ou a revista *Resol*, realidades que comparte con Arturo Cuadrado, poñen de manifesto o forte vencello vital entre política e cultura. É de agradecer que Marcos Seixo nos esclareza as contradicións nas súas visións sobre o laicismo e os dereitos da muller que contribúen a situar estes temas na época. No libro impresiona a súa participación como líder na resistencia armada contra o golpe fascista e os datos extraídos da súa Causa Xudicial, que non foran analizados até agora. O seu fusilamento, o 12 de setembro de 1936 por uns falanxistas en Boisaca, estaba anunciado. Sen caer na haxiografía o libro ten o valor de amosar a biografía do pobo co que partillou a vida Xoán Xesús González.



SEIXO PASTOR, Marcos, *A loita permanente de Xoán Xesús González*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2008, 281 páxinas.